

Obxecto: Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto: Parque Eólico Serra do Colmo
Documentos: Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de interese autonómico
Localización: Becerreá e Baralla (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.
Remitente: Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave: IN408A 2020/086
Data rexistro: 29.09.2022
Expediente: 03.I.663.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3557/2022 (Servizo de Arquitectura)

O 29.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, solicítase que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos *Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Serra do Colmo* e *Proxecto de interese autonómico* (asinados en marzo de 2022), así como os arquivos shape do proxecto.

ANTECEDENTES:

- O 27.10.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección Arqueolóxica para a Avaliación do Impacto Arqueolóxico do PE Serra do Colmo (Becerreá e Baralla, Lugo)*, baixo a dirección da arqueóloga M^a José Bóveda Fernández da empresa *Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio*, segundo proxecto presentado pola sociedade Enel Green Power España SL, en data 19.10.2020. O proxecto recibe o código CT 102A 2020/888-0

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Real Decreto 2723/1982, do 27 de agosto, polo que se declara monumento a Igrexa de Santa María de Penamaior (BOE do 02.11.1982)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto PE Serra do Colmo, localizado nos concellos de Becerreá e Baralla (Lugo)
- No apartado 3. *Análisis de Alternativas*, e no 3.3. *Justificación de la solución adoptada*, sinálase que ademais da Alternativa 0 desestimada, contéplanse outras dúas opcións (1 e 2). A opción elixida é a Alternativa 2 pois, segundo o equipo redactor e o máis favorable a nivel ambiental. En



relación aos elementos patrimoniais, ambas alternativas eran viables, posto que non se afectaban Bens de Interese Cultural nin Elementos Catalogados de Patrimonio Cultural nin ningún contorno de protección.

- A devandita Alternativa 2 supón a construción dun parque eólico de 35,00 MW de potencia nominal, composto por 6 aerogeradores modelo 155-6.0 SIEMENS-GAMESA que están dispoñibles en diferentes potencias nominais. A potencia nominal unitaria para 5 destes é de 5,80 MW e 1 de 6,0 MW, con 155 m de diámetro de rotor e unha altura de buxa de 102,5 metros.
- Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aerogeradores, gabias de cableado e rede de terras, arquetas, zonas de amoreamento de materiais, instalacións auxiliares, parque de maquinaria, torre meteorolóxica, edificio de control e SET Serra do Colmo, que transformará de 33 a 220 KV a enerxía xerada neste parque. Esta subestación se deseñará para que sexa ampliable en previsión dunha potencial evacuación doutros parques na zona.
- O acceso ao parque realizarase desde a estrada N-VI (cara aos núcleos Cabo, Ferrería e Touzón) para acceder aos aerogeradores SC01 e SC02, e a través de pistas existentes ao resto de aerogeradores, así como o campamento de obras e á Subestación.
- Os viarios de acceso ao parque e os ramais interiores de acceso a máquinas teñen 8m de ancho; contando con cunetas. Estímase que para levar a cabo o parque eólico afectarase un total de 10.739,8m de viarios, dos que 5.369m son viarios novos e 5.371 m son viarios a acondicionar.
- As gabias para aloxar o sistema colector do parque terán unha lonxitude de 7,265,84m, cunha profundidade de entre 0,60/1,50m e un ancho variable entre 0,47m e 1,5m dependendo do número de ternas a instalar e a zona que atravesese.
- Con respecto ao patrimonio arqueolóxico os distintos apartados do EslA fan referencia ou recollen as conclusións establecidas no Anexo XI *Estudio de impacto cultural*
- No Anexo II *Estudo de impacto e integración paisaxística*, analízase a visibilidade do parque eólico desde o Camiño de Santiago, situado a 15 km, o Camiño Francés, e a 10 km o camiño norte. Analízase tamén a visibilidade desde os elementos BIC, destacando entre todos a Igrexa de Santa María de Penamaior situada, entre os aerogeradores, dentro da conca visual do proxecto.
- O Anexo XI recolle o documento *Informe-memoria de la Prospección Arqueolóxica para Estudio de Impacto Cultural del PE Serra do Colmo, Becerreá y Barralla (Lugo), marzo 2021*; asinado pola arqueóloga M^aJosé Bóveda Fernández, da empresa *Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio*.

No apartado 4. *Metodología* e no 5. *Fases del Trabajo realizado*, sinálase que para a elaboración deste documento levouse a cabo unha supervisión da información patrimonial da zona de estudo (bibliografía, catálogos, fotografía aérea histórica e actual, toponimia, cartografía...) e posteriormente unha prospección extensiva da zona poligonal co fin de identificar e xeolocalizar todos os elementos patrimoniais que existen na zona do futuro parque, e unha prospección intensiva nos terreos afectados polas obras de implantación e na banda de 200m a cada lado. Durante esta actuación comprobouse a situación e características dos bens culturais catalogados (10. *Fichas*).

No apartado 5.2. *Traballo de campo* menciónase que aínda que a banda marcada como de prospección intensiva abarcaba unhas 400 hectáreas resultou imposible de prospectar na súa totalidade debido ao estado da vexetación, especialmente nas zonas de repoboación forestal que ocupan amplas áreas do parque. Como se alude na memoria, a nula visibilidade da contorna non garante unha correcta prospección da totalidade do terreo polo que se estableceron diferentes áreas de control.

No apartado 7.2. *Achegamento patrimonial* identifícanse os elementos do patrimonio cultural existentes nas parroquias nas que se empraza o proxecto e tamén aqueles que se atopan na contorna da obra. En total sinálanse 4 elementos do patrimonio cultural, 1 de carácter arqueolóxico (*O Castro de Fontes GA 27006001* que se localiza dentro da poligonal do parque) e 3 de carácter arquitectónico. Asemade, identifícanse 3 zonas de control. Inclúense fichas e valoración de impacto dos elementos.

No apartado 8 *Impacto Arqueolóxico*, e no 9. *Medidas correctoras* menciónanse os graos de afectación de cada un dos elementos patrimoniais documentados así como faise unha proposta de medidas correctoras



para paliar posibles efectos que sobre eles poderían chegar a ocasionar as obras de construción do futuro parque eólico, como se pode ver no cadro adxunto:

Elemento	Axente de Impacto	Impacto	Medidas correctoras
Castro de Fontes (GA27006001)	Na poligonal do parque, todas as obras deseñadas están lonxe do xacemento.	Sen Impacto	O xacemento e a súa banda de protección legal aparecerán recollidos na planimetría da obra.
Mosteiro de Santa María de Penamaior e estruturas adxectivas (RB.000016450)	Situado na poligonal, todas as obras proxectadas están situadas fóra da banda de protección legal do BIC	Compatible	O elemento e a súa banda de protección legal aparecerán recollidos na planimetría da obra. Non se permitirá a realización de obras na banda de protección, así mesmo prohibese estacionar maquinaria ou vehículos de obra no entorno do BIC.
Capela de San Lourenzo	Os traballos de construción do acceso e plataforma do aeroxerador SC02 están situados a uns 40 m ó oeste da pequena edificación relixiosa.	Moderado	O elemento e a súa banda de protección legal aparecerán recollidos na planimetría da obra. No caso de que se considere necesario se balizará o lateral leste das obras proxectadas, o sector máis próximo ao elemento. Prohibese o estacionamento de maquinaria na contorna inmediata ao ben especialmente no espazo existente entre a capela e a estrada.
Igrexa de San Xoán de Lexo (PBA.16095)	Na poligonal do parque, todas as obras deseñadas están lonxe do xacemento.	Sen Impacto	O elemento e a súa banda de protección legal aparecerán recollidos na planimetría da obra.
Zona de control de tala e roza de San Lourenzo/Pena da Cruz (Pequeno templo e o topónimo Pena da Cruz)	As obras de construción do aeroxerador SC02 e as súas infraestruturas están situadas dentro desta área de control	Compatible	Aparecerá marcada na planimetría de obra. Control de los traballos de construción na zona marcada
Zona de control de replanteo do Camiño do Muíño Vello	Zona pola que transitará a gabiade cableado que une o aeroxerador SC03 e a subestación, na que se sitúa o topónimo Camiño do Muíño Vello	Compatible	A zona aparecerá marcada na planimetría de obra. Control dos traballos de replanteo.
Zona de control de tala e roza de Carballedo	O aeroxerador SC03, o seu viario de acceso e gabiade cableado estarán situados nas proximidades desta aldea desaparecida	Compatible	Aparecerá marcada na planimetría de obra. Control da retirada de vexetación. Prospección intensiva finalizados os traballos de limpeza.

Como medidas correctoras de carácter xeral propóñense nesta avaliación as seguintes:

- Sinalización nos planos de obra de todo-os elementos patrimoniais existentes dentro da área de afección do proxecto construtivo e das súas bandas de protección legal.
- Non se realizarán remocións nin amoreamentos non previstos en ningunha zona da obra sen consultar previamente co equipo arqueolóxico que leve a cabo os traballos de control patrimonial das obras. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños ou viais non prevista no proxecto, deberá contar coa aprobación e supervisión deste equipo.



- As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como queda reflexado na planimetría.
- Quedará prohibido o tránsito e/o estacionamento de maquinaria fóra das áreas habilitadas a tal fin, especialmente no entorno dos bens patrimoniais recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.

Proxecto de Interese Autonómico

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Serra do Colmo.
- No capítulo 7 *Estudo de Incidencia Territorial*, punto 7.4 *Proteccións e Afeccións Ambientais* indícase que no deseño do parque maximizouse a protección do patrimonio, de maneira que non se afectará a este.
- Segundo os subapartados 10.1. e 10.2. achega do Plan e lexislación urbanística vixente sinálase que en ambos concellos existen Normas Subsidiarias de Plan (Becerreá aprobadas o 28/04/1995 e Barralla aprobadas o 18/06/1986), segundo as cales as trazas das instalacións proxectadas transcorren por solo non urbanizable. De acordo con o recolleito na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia que derroga á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; os plans non adaptados á lei do chan (como os mencionados), tramitaranse de acordo con a súa Disposición transitoria primeira: Réxime de aplicación aos municipios con plan non adaptado e aos municipios sen plan. De acordo con esta disposición na súa subapartado d) Ao chan non urbanizable ou chan rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o chan rústico.
- No *Anexo I. Análise de Compatibilidade Estratéxica* sinálase que no parque eólico se levaron a cabo os pertinentes estudos arqueolóxicos e froito deles adecuáronse as infraestruturas do parque, co obxectivo de minimizar a afección.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como os plans municipais, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico e na súa poligonal existen bens do patrimonio cultural que se ven afectados polas obras e que son identificados na *Memoria técnica del estudio del impacto cultural* incluída como Anexo XI do EIA.
- Entre este patrimonio, destaca o **Mosteiro de Santa María de Penamaior**, declarado Ben de Interese Cultural, por Real Decreto 2723/1982, de 27 de agosto e as súas construcións anexas, o pombal de planta rectangular e o muíño de dous infernos situado fronte á fachada principal da Igrexa do Mosteiro. O conxunto edificado, disposto a carón do río do Convento e asentado no fondo do val que forman as serras de Liñares e Penamaior, desfruta dun telón de fondo natural nas ladeiras de ambas serras. Cómpre sinalar a importancia deste cenobio do que existen referencias desde o ano 922 e do que destaca e se conserva a igrexa románica de planta basilical de tres naves.
- O deseño do parque eólico sitúa 3 dos aeroxeradores (SC01, SC02 e SC03) en zonas moi próximas ao mosteiro, a unhas distancias entre 600 e 1.000 m. No estudo de impacto cultural cualifícase o impacto como compatible por situarse os aeroxeradores fóra do contorno de protección; porén, non se avalía o impacto á hora de contemplar o BIC e os seus distintos elementos. Trátase de infraestruturas de grande envergadura (180 m de altura total) a ambos lados do mosteiro que se van integrar de forma permanente nas principais visuais do monumento, menoscabando a súa presenza na paisaxe e alterando e descontextualizando o ambiente da mesma en relación coa súa percepción desde o BIC. O Anexo II *Estudo de impacto e integración paisaxística* indica que o mosteiro se atopa na conca visual do proxecto máis non aporta análise visual con infografías. Realizada polos SS.TT. da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a comprobación da visibilidade



dos aeroxeneradores en relación coas vistas da paisaxe que caracteriza a presenza do BIC constatouse que as visuais cara as máquinas SC02 e SC03 supoñen unha afección negativa ás vistas do monumento en relación coa paisaxe do seu contorno.

- Asemade, no topónimo Pena da Cruz localízase a pequena ermida de San Lourenzo de Penamaior, zona de lendas e crenzas galegas e parada no antigo camiño entre O Cereixal e o mosteiro de Penamaior. O aeroxerador SC02 sitúase a 180 m da ermida e as plataformas para a súa construción a tan só 40 m.
- En relación co **Castro de Fontes (GA 27006001)**, tanto o EsIA como o anexo XI (*Informe-memoria de la Prospección Arqueolóxica para Estudio de Impacto Cultural del PE Serra do Colmo, Becerreá y Barralla (Lugo) marzo 2021* recollen que o aeroxerador SC01 atópase a 653,94 m. Con todo, ambos documentos difiren nas coordenadas UTM proporcionadas para o aeroxerador SC01:
 - EsIA x: 647.089, y: 4.749.503,
 - Anexo XI x: 649.089, e y: 4.749.503, neste caso o SC01 atoparíase fora da poligonal, na zona chamada Os Castros afectando de xeito crítico ao xacemento GA 2700605 (O Castro/ Os Castros). Creemos que se trata un erro de transcripción da coordenada "x" do areoxerador, e que se está a referir a X-647.089, posto que na memoria arqueolóxica non se fai mención a ningún tipo de afección en xacementos arqueolóxicos.
- Con respecto a zona de control San Lourenzo/Pena da Cruz, as obras de construción do aeroxerador SC02 e as súas infraestruturas están situadas dentro desta área de control. No momento da prospección non se localizou ningún tipo de elemento arqueolóxico, aínda que o topónimo podería referirse a un petróglifo. O impacto é compatible e as medidas correctoras que se propoñen é que aparecerá marcada na planimetría de obra e se procederá a un control dos traballos de construción na zona marcada.
- Asemade é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, fai que non se poda desbotar a existencia de bens ou restos de interese arqueolóxico non detectados ate o de agora, sobre todo naquelas zonas que non puideron prospectarse axeitadamente por estar cubertas de abundante monte baixo.
- Cotexados os datos e a planimetría do EIA cos datos e planimetría do Proxecto de interese autonómico, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto. Cómpre sinalar, asemade, que no proxecto de interese autonómico non se aporta o Anexo IV Síntese Ambiental que figura no seu índice.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considerase que a posición dos aeroxeradores SC02 e SC03 **non é compatible** co patrimonio cultural localizado na zona onde se quere implantar o parque eólico, en especial pola súa relación visual co Mosteiro de Santa María de Penamaior e a proximidade á capela de San Lourenzo.

O resto das infraestruturas infórmanse de xeito favorable, coa adopción das medidas correctoras establecidas no Anexo XI Estudio impacto cultural do EsIA e tendo en conta coas seguintes consideracións e condicións:

- É necesario aclarar as discrepancias detectadas en relación coas UTM do aeroxenerador SC01.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control e seguimento arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos recollidos no EsIA. Asemade, realizarase un especial seguimento dos traballos de roza naquelas zonas que no momento da prospección non puideron ser correctamente avaliadas.

A tal fin, e **previo ao inicio das obras**, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade



Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras xerais e específicas incluídas no Anexo XI do ESI e as consideracións recollidas neste informe. No caso de que se constate a presenza de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.

- Durante o control arqueolóxico procederase a revisar a zona de tala e roza de San Lourenzo/Pena da Cruz, correspondente co aeroxenerador SC02 ante a posibilidade da presenza dalgún petróglifo.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio arqueolóxico. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas actualizadas e individualizadas daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- Deberase informar aos concellos de Becerreá e Barralla dos novos xacementos identificados para que os inclúan no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Durante a fase de mantemento do parque, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. Neste senso terase en conta a posibilidade de aparecer novos restos arqueolóxicos.
- Respecto ao Proxecto Sectorial (PIA)
 - Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
 - Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

